



A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, como participante da Campaña de verán 2023, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

## ACTIVIDADE

**Multiaventura. Riópar.** Castela-A Mancha

Datas: **do 11 ao 20 de xullo de 2023.**

Instalacións: **Campamento Xuvenil "Riópar"**, Carretera, CM-3204, km 5, 02450 Riópar (Albacete)  
Teléfono: 630 483 028

## SAÍDA

DATA: **11 de xullo de 2023**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (Entrada Principal) R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

## REGRESO

DATA: **20 de xullo de 2023**


HORA DE SAÍDA: **Despois do almorzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

## NOTAS

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral "Riópar"** (na segunda páxina deste documento)

## COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



## **Multiaventura en Riópar 11-20 xullo 2023**

### **Instalación e entorno**

O Campamento está situado no concello de Riópar, provincia de Albacete, no corazón do Parque Natural de Calares do Mundo e a Sima, pertencente á Serra do Segura.

O aloxamento é en cabanas de madeira renovadas.

### **Enlace da Instalación**

<https://www.campamentosanjuan.com/el-campamento>

### **Descrición da actividade**

Escalada rocódromo, tirolina, aquagym, watepolo, rapel, carreiras de orientación, tiro con arco e multideportes. Ademais farase unha ruta de sendeirismo ao Nacemento do Rio Mundo e unha visita a Aula da Natureza do Parque Natural.

**NOTA:** para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

### **Equipo persoal**

#### **Documentación**

- DNI
- Tarxeta sanitaria
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

#### **Roupa**

Calzado adecuado (Zapatillas deportivas e outro calzado apropiado para a práctica deportiva e de montaña).

Roupa cómoda (pantalóns cortos, camisetas, chándal, algún xersei, roupa que se poida manchar,...).

Bañador, toalla de piscina, crema de sol, chanclas cerradas (para actividades náuticas).

Toalla de aseo, muda, roupa para durmir e neceser de aseo.

#### **Equipo**

Saco de durmir, almofada persoal e mochila pequena para excursións.

Deterxente para o lavado de roupa.

Cantimplora e lanterna.